



ANUNCIO DE REGATA

1. CLUB ORGANIZADOR

A organización da “Regata da Dorna” (a “Regata”) correspóndelle á Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

2. LUGAR, DATAS E HORARIO

A Regata terá lugar nas augas da Ría de Arousa, o domingo, día 24 de xullo de 2005. A saída terá lugar na praia de Coroso ás 1600 horas. O percorrido anunciarase no taboleiro da A.C. Lajareu por Barlovento antes das 1500 horas.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar na “Regata” tódalas dornas que cumpran co Regulamento da “Clase Dorna”. O Comité Organizador poderá acepta-la inscrición doutras dornas que non cumpran co devandito Regulamento.

4. INSCRICIÓN

As inscricións poderanse efectuar no local social da A.C. Lajareu por Barlovento, sito no Peirao Deportivo, s/n, Ribeira, antes das 15:00 horas do día correspondente as probas, ou ben deberán dirixirse a:

A.C. Lajareu por Barlovento
General Franco, 105-6º A
15960 Ribeira (A Coruña)
Teléfono: 678-533-173
Fax: 981-83.25.53
E-mail: lajareu@gmail.com

5. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Establecerase unha única clasificación xeral. Entregarase un trofeo a cada un dos tripulantes das 5 primeiras dornas clasificadas. Poñerase en xogo a Dorna de Prata, trofeo ó que optarán os clubs de dornas a vela computándose os tres mellores clasificados de cada club. O club gañador exhibirá a Dorna de Prata no seu Concello durante un ano para logo poñelo en xogo en augas de Ribeira o seguinte ano. Tamén se espera que os outros participantes reciban premios en recoñecemento da súa participación na Regata.